

## A crise do século XVII : aspectos socioecómicos e políticos

O XVII foi un século de crise, especialmente, para a Coroa de Castela. Este período de recesión (1580-1680) tivo os seguintes componentes:

**A crise demográfica** provocada por malas colleitas, vagas de epidemias de peste —con frecuentes crises de mortalidade catastrófica— e guerras. A expulsión dos mouriscos (1609-1614) contribuíu ao descenso demográfico, sobre todo, en Aragón.

**O deterioro da economía.** Ademais da crise agraria asociada ás malas colleitas, todos os sectores económicos víronse afectados. Caeu a produción interna o que provocou a ruína da artesanía de Castela. As causas foron: a alza de prezos provocada pola chegada de ouro e prata americana (a “revolución dos prezos”), a falta de competitividade, a invasión do mercado interno polos produtos estranxeiros, o incremento dos impostos e as alteracións monetarias. O comercio exterior tamén se resentiu: baseado na exportación de materias primas (en especial, lá) e na importación de manufacturas, o seu déficit pagábase co ouro e a prata americanos. Os comerciantes estranxeiros coparon os envíos cara a América a través de intermediarios casteláns e se fixeron coas remesas de metais preciosos.

**Os problemas da Facenda real.** Para facer fronte ao descenso de ingresos e aos gastos das guerras (financiadas por banqueiros europeos), a Coroa recorreu á depreciación da moeda e a acuñar inxentes cantidades de moeda de vellón (alíaxe de cobre e prata), situación que provocou o aumento da inflación. En paralelo, a Facenda recorreu ao establecemento de novos impostos, á emisión de débeda pública (xuros) e mesmo á venda de títulos nobiliarios, o que provocou o aumento do número de nobres e o triunfo dunha mentalidade aristocrática e clerical. A Facenda foi incapaz de sanearse e devolver as súas débedas. Como resultado, tivo que declararse periodicamente en bancarrota.

A crise provocou a ruína da débil clase burguesa urbana, que abandonou os negocios e os traballos artesanais e buscou ennobrecerse; ao mesmo tempo, aumentou o número de pobres e vagabundos. Isto non impediu que se desenvolvese no XVII o *Século de Ouro* da cultura española.

As medidas deflacionarias adoptadas polos gobernos de Carlos II permitiron a estabilización do mercado interno e sentaron as bases para a recuperación económica.

O período tamén estivo marcado polas dificultades políticas. **Felipe IV** subiu ao trono con só dezaseis anos (1621), polo que estivo baixo a tutela do seu preceptor, Gaspar de Guzmán, **Conde-Duque de Olivares**, que asumiu o papel de valido. Empeñou unha serie de reformas para manter a súa hexemonía no mundo, ameazada especialmente por Holanda e Francia. O obxectivo das reformas (**Unión de Armas**, 1625) era **unificar politicamente o Imperio español** (supresión de diferenzas e privilexios forais, reparto de cargas e beneficios entre todos os territorios, creación dun exército permanente). Buscábase crear unha estrutura centralizada baixo as leis de Castela, as máis favorables para o poder real. O **proxecto resultou imposible**, tanto polas dificultades económicas, como pola oposición dos reinos. Esa política impositiva e uniformizadora xerou protestas e alteracións en 1640:

- **A revolta de Cataluña.** Para combater ao exército francés que invadira o Rosellón, as tropas reais entraron en Cataluña. Olivares esixiu ao reino pagar a súa manutención, o que deu lugar a tumultos que culminaron coa sublevación dos segadores e a morte do vicerrei (*Corpus de sangue*, xuño 1640). A Generalitat asumiu, entón, o goberno de Cataluña e solicitou a axuda de Francia. En 1652 Cataluña aceptou a soberanía do rei e este, os privilexios forais de Cataluña.

- **A independencia de Portugal.** O proxecto da Unión de Armas tamén acentuou o descontento portugués, que sufrira a perda de parte do seu imperio polos ataques holandeses. En 1640, aproveitando a escaseza de tropas pola multiplicidade de frontes nas que combatía Felipe IV, unha conspiración nobiliaria conseguiu facerse co poder. España recoñeceu definitivamente a independencia en 1668.

A crise económica e as rebelións da década de 1640 supuxeron o fracaso definitivo da política do Conde-Duque de Olivares e a fin da hexemonía española.